

FEBREIRO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Febreiro 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	6.003.840	3,0%	181.058	-0,3%
NOITES	16.590.095	0,4%	332.770	2,1%
ESTADÍA MEDIA	2,76	-2,6%	1,84	2,4%
% OCUPACIÓN	49,91%	-0,49	24,29%	1,19
% OCUPACIÓN Fds	56,47%	-0,76	31,38%	2,20

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de febreiro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe o volume de noites un 2,1% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable.
- É o segundo ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda hoteleira neste segundo mes. O incremento deste 2019 engádese ao rexistrado en 2018 –do 4,8%–, circunstancia que tamén acontece en 2015 e 2016 –só en 2017 se rexistra unha caída puntual do 2,0%–. Esta dinámica leva a que a nosa comunidade rexistre neste mes de febreiro preto de 333 mil noites nos establecementos hoteleiros, a cifra máis elevada da década.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é algo diferente. Neste caso estabilízase o volume final logo de presentar cinco anos consecutivos de crecemento. Con esta dinámica mantense o nivel final en 181 mil neste mes de febreiro.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de máis de 6.700 noites en relación ao mes de febreiro do pasado ano, cifra non moi elevada pero que permite continuar coa senda positiva iniciada en 2015 –logo de rexistrar caídas consecutivas de 2009 a 2014.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,0%– mais estabilízase, en termos globais, o volume de noites –nun sentido estrito soben un 0,4%–. Son, por tanto, variacións pouco significativas.
- Obsérvase neste mes un comportamento algo dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que superan os niveis de demanda de febreiro do pasado ano –doce en particular–. Cantabria e Castela e León son os destinos que amosan maior dinamismo, cun incremento de maior intensidade, superando nun 11,7% e 10,0% respectivamente as cifras de 2017. Nun segundo grupo sitúanse Cataluña e a C. Valenciana con subas levemente por encima do 6% interanual.
- No lado contrario os destinos que presentan o incremento máis suave ou moderado son Castela A Mancha e Murcia, con subas inferiores ao 1% interanual.

- O nivel de demanda mantense estable en Asturias e descende en catro destinos concretos –A Rioxa, Aragón, Canarias e Baleares-, esta última coas caída de maior intensidade cun 15,6% menos que en febreiro do pasado ano.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante. Lidera Cantabria o incremento interanual cun 9,0%, por diante tamén de Castela e León –destino que neste mes presenta unha suba do 6,8%-. No lado contrario tamén Baleares amosa a caída máis notoria, cun 12,5% neste caso.
- Por cuarto mes consecutivo –e segundo deste ano- Galicia rexistra un incremento da demanda no conxunto dos establecementos hoteleiros da comunidade. Refórzase, por tanto, o bo comportamento da demanda en temporada baixa en comparación cos restantes meses do ano.
- Canarias –con máis de 5,1 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de febreiro –absorbendo o 30,8% do total estatal-. Recupera por quinto mes consecutivo esta posición de liderazgo reforzando a súa posición nos meses de temporada baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con preto de 2,7 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 2,4 millóns-, Madrid –con preto de 1,8 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 1,6 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 82% do total da demanda hoteleira de España. O 18% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a novena posición –por detrás das cinco anteriores e de Baleares, Castela e León e Aragón- representando o 2,0% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 3,3% o nivel de demanda do pasado ano grazas á mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros residentes descende levemente –un 1,1% neste caso-. É o terceiro ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno neste mes de febreiro, acadando agora en 2019 pouco máis de 130 mil noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo superando nun 5,6% o volume de noites do pasado ano grazas ao incremento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, do 5,1% neste caso. Son neste caso dous anos consecutivos –e terceiro nos últimos catro- que o mercado nacional presenta unha dinámica positiva no mes de febreiro, acadando neste 2019 preto de 147 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos tres anos-.
- O turismo internacional marca a excepción neste mes cun descenso dos niveis de demanda. En particular, cae a cifra de viaxeiros aloxados un 11,5% e o volume de noites un 8,5% en relación ao mesmo período do pasado ano. Este descenso contraponse ás subas rexistradas nos catro anos anteriores, de 2015 a 2018, conseguindo con isto recuperar boa parte do nivel perdido en anos anteriores. Con esta dinámica o mercado internacional rexistra en febreiro preto de 56 mil noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2008-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 16,8% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que ao mesmo tempo descende en relación ao pasado ano –cando se achegaba ao 19% do total-.

- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 44,0% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase preto cun 39,2% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites en tres provincias –en A Coruña un 2,8% como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, en Lugo un 6,6% grazas principalmente á mellora da estadia media e en Pontevedra un 1,8% tamén como consecuencia de melloras da estadia media-. Ourense é a única provincia de comportamento negativo neste mes pois presenta un descenso do 5,0% no volume de noites hoteleiras.
- Con preto de 155 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 46,5% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 29,9%-, Lugo –co 13,0%- e Ourense –co 10,6% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 76% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico.
- A estadia nos hotéis e pensións de Galicia increméntase neste mes de febreiro –un 2,4%-, situándose levemente por encima de 1,8 noites de media. Sobe a estadia media por segundo ano consecutivo colocando o dato deste ano no máis elevado desde o 2014.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,8 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,9%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en algo máis dun punto porcentual para situarse no 24,3% de media para este mes-. É o sétimo ano consecutivo no que mellora o nivel de ocupación hoteleira en Galicia no mes de febreiro, colocando deste maneira o dato de 2019 no máis elevado dos últimos once anos.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 71,6% en febreiro. Seguen Madrid –cun 55,9%- e a C. Valenciana –cun 50,8% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 49,9%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan un comportamento positivo. Sobe e mellora en oito delas –sendo Cataluña o destino con mellor comportamento relativo superando en tres puntos a cifra do pasado ano-, mantense estable en cinco destinos e descende en catro. Canarias é neste caso o destino de peor comportamento cunha caída de máis de seis puntos neste mes.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste segundo mes do ano –un 0,7% en particular- situándose en 50,8 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Cataluña é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de febreiro con 114,0 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Canarias –con 101,4 euros- e Madrid –con 86,5 euros neste caso-. Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 83,6 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano –once en particular-. A Rioxa é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 5,8%, seguido de Murcia –cunha suba do

5,1%-. Mantéñense estables en Madrid e caen en cinco –sendo o País Vasco o destino de peor comportamento cun descenso do 4,4%-.

- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de febreiro –froito dun incremento da demanda-, prodúcese nun contexto de crecemento paralelo aínda que menor das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR sobe un 7,1% ata situarse en 15,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 82,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de febreiro. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Cataluña –con 70,3 euros-. Galicia marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 15,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade na maioría delas –en doce concretamente-, sendo Cantabria o destino que presenta o incremento máis notable –do 15,0%-. O RevPAR hoteleiro mantense estable en Madrid e descende en catro –con Canarias presentando a caída de maior intensidade-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Febreiro 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Febreiro 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Febreiro 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Febreiro 2019




Fig. 5. Evolución da estadía media. Febreiro 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Febreiro 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Febreiro 2011-19

